

A Fonte dos Meniños

O topónimo “Fonte dos Meniños” localízase espacialmente no monte común da zona oeste da parroquia de San Vicente de Argozón (Chantada), que, coa serra do Faro como límite xeográfico, linda coas terras de Camba. De feito, a tradición a el asociada foi recollida en Santiago de Fafián, parroquia de Rodeiro na que naceron e/ou residen os nosos informadores. Á fonte, á que os máis vellos lle asociaban poderes curativos, levaban ós nenos e nenas para curarse do /anghanadíño/ ou enganido, que era unha enfermidade que lle afectaba ós rapaces e rapazas que tiñan falta de enerxía, mal que manifestaba os seus síntomas na tendencia que tiñan as criaturas a cruzar as pernas. Para poder curarse había que pasar á criatura por debaixo dunha pedra que, situada horizontalmente sobre o regueiro do manancial, facía de ponte. Dúas mulleres, colocadas a cada lado do arco da ponte, pasábanse entre si o neno/a nove veces repetindo en cada unha delas o seguinte responso dialogado:

1ª MULLER: “*¡María!*”

2ª MULLER: “*¿Que?*”

1ª MULLER: “*Toma este enganadiño. Se é pa Dios, Dios o leve. Se é po mundo, Dios o salve*”

Unha vez rematado o ritual deixaban unha candeia acesa: “*se se apagaba, morría a criatura; se se mantiña acesa, vivía*”. Tamén se deixaban cartos na fonte e as roupas que levaban postas os rapaces e rapazas no momento do rito¹. A esta versión, outro dos consultados (*Xosé Eiriz*, de 60 anos) engadeulle que dito ritual había que realizalo pola noite, e que ademais había que romper á metade (de arriba abaixo) un carballo ou unha xesta e pasar á criatura pola fenda.

Texto tirado do artigo **A “Fonte dos Meniños”. Experiencias e tradición**

(LVCENSIA, nº 33, 2006)

¹ Este relato do ritual curativo que se levaba a cabo na “Fonte dos Meniños” foinos contado por *Xosé López Gallego* (72 anos), que nos anos 50 do século XX foi testemuña do rito arriba descrito.